



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE: 2024/C005/000004

PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE CONTEDORES PARA O PUNTO LIMPO FIXO DO CONCELLO DE TOURO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Redáctase a presente memoria para dar cumprimento as exixencias legais establecidas no art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

TIPO DE CONTRATO: Contrato administrativo de subministración de contedores contido no proxecto para o punto limpo fixo do Concello de Touro.

TRAMITACIÓN: Ordinaria

PROCEDIMENTO: Aberto simplificado abreviado.

1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO.

Entre os servizos que de acordo co artigo 26.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local sinala que os *Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

En todos os Municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Co fin de mellorar o servizo de recollida residuos servizos detectouse a necesidade da implantación dun punto limpo fixo no Concello de Touro que de servizo ós seus veciños, favorecendo unha axeitada recollida, clasificación, almacenaxe e reemprego dos residuos domésticos.

Para tal fin presentouse perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022.

A Resolución do 20 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022, na que se lle concede unha axuda por importe total de 300.000,00 €

2. OBXECTO DO CONTRATO.

Subministro de contedores para a implatación dun punto limpo fixo no Concello de Touro que de servizo ós seus veciños, favorecendo unha axeitada recollida, clasificación, almacenaxe e reemprego dos residuos domésticos.

3. ANÁLISE TÉCNICA.

As características técnicas do subministro están previstas no proxecto redactado por Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro de Camiños, C. e P.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

4. ANÁLISE ECONÓMICA.

A contía económica do subministro obtívose analizando o mercado destes produtos en diversos subministradores da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. VALOR ESTIMADO.

O presente contrato segundo a definición prevista no artigo 101 da LCSP ten un valor estimado de 49.030,36 €.

6. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Partida orzamentaria	Descrición	Importe
1621.62900 Servizos públicos básicos, benestar comunitario, recollida eliminación e tratamento de residuos. Inversións reais, outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	Subministro contedores punto limpo fixo.	59.326,74 €

7. FINANCIACIÓN

Esta actuación está financiada con fondos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022 e con fondos propios do Concello coas seguintes achegas

Investimento	Orzamento	Porcentaxe financiamento
Achega da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	28.267,37 €	47,65 %
Achega do Concello	31.059,37 €	52,35 %
TOTAL INVESTIMENTO	59.326,74€	100,00 %

8. DIVISIÓN EN LOTES.

Non procede a execución do contrato en lotes porque se trata dunha única prestación que ten substantividade propia sen que existan prestacións accesorias e/ou complementarias no ben obxecto do contrato que permita a súa execución de maneira separada.

9. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE.

Atendendo a contía do contrato e os criterios de adxudicación que se pretenden valorar o procedemento elixido será o aberto simplificado abreviado segundo o disposto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

10. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Á vista do valor estimado do contrato referenciado, o órgano competente para efectuar a presente contratación será o Alcalde de conformidade co sinalado na D.A 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e por delegación a Xunta de Goberno Local conforme ao disposto nos artigos 21.3 e 22.3 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réxime Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

Para este efecto dispoño:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato de subministro de contedores para o punto limpo fixo do Concello de Touro.

SEGUNDO. Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

TERCEIRO. Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En Touro na data da sinatura electrónica á marxe. O Alcalde, Roberto Castro Rocamonde

Touro na data da sinatura electrónica
O Alcalde
Roberto Castro Rocamonde